

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES DE VECIÑOS PARA INVERSIONS EN INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS DE CARÁCTER COMUNITARIO PARA O ANO 2008.

1.- OBXECTO.

Constitúe a finalidade desta convocatoria o apoio económico as diferentes Asociacións de Veciños formalmente constituídas no Concello para a mellora ou construción de infraestructuras así como para o equipamento de bens de carácter comunitario, dacordo co disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e texto refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, no Regulamento de Servicios das Corporacións Locais e na Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

2.- FINALIDADE.

Poderán ser subvencionables ata un máximo do 80% do seu orzamento total, as seguintes actuacións:

1.- Inversións que impliquen a execución de obras ou equipamentos de interese xeral no ámbito municipal para a comunidade vecinal como por exemplo camiños, abastecementos de auga, saneamentos, etc.... O importe máximo da subvención a conceder por este apartado non poderá exceder de 10.000,00 euros.

2.- Equipamento de bens e instalacións de uso comunitario. O importe máximo da subvención a conceder por este apartado non poderá exceder de 5.000,00 euros.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante, cando menos, cinco anos.

O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, sen máis excepcións que as previstas na Lei.

3.- ORZAMENTO.

O Concello de O Valadouro dispón no orzamento de 2008 das seguintes partidas para amparar o gasto derivado desta convocatoria:

Partida 432.789.00.- Proxecto 0811230.- Importe 35.000,00 euros.

O crédito recollido na presente partida ten carácter limitativo e vinculante para os órganos encargados da instrución e resolución do procedemento de tal forma que o importe das subvencións a conceder non pode superar en ningún caso a consignación recollida na partida anteriormente mencionada.

4.- BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas Bases as Asociacións de Veciños das diferentes parroquias do Concello de O Valadouro formalmente constituídas con anterioridade a presente convocatoria e que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 18/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As presentes subvencións serán compatibles ca percepción doutro tipo de axudas públicas para o mesmo proxecto, sempre e cando a suma de todas elas non exceda do custo da actividade subvencionada.

5.- SOLICITUDES.

O prazo para presenta-las solicitudes será dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia debendo publicarse íntegramente as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello acompañaranse da seguinte documentación:

- a) **Solicitud segundo o Anexo I firmada polo Presidente da Asociación.**
- b) **Acordo de solicitude de subvención e designación da persoa asinante da mesma segundo Anexo II.**
- c) **Fotocopia do D.N.I. da persoa que asina a proposición.**
- d) **Fotocopia do C.I.F. e dos Estatutos da Asociación.**
- e) **Declaración segundo o Anexo III de aceptación das bases reguladoras da convocatoria, de sometemento ás actuacións de comprobación, de compromiso de difusión da colaboración financeira do Concello e de axudas solicitadas ou que se teña previsto solicitar para a mesma finalidade.**
- f) **Certificación segundo o Anexo IV da conta bancaria onde se efectuará o ingreso da subvención.**
- g) **Declaración xurada segundo o Anexo V de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
- h) **Declaración xurada segundo o Anexo VI de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade, incapacidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas contempladas na lei 38/2003, reguladora de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**
- i) **Presuposto total e desglosado por partidas do investimento a subvencionar. No caso de que o investimento supere os 50.000,00 euros ou o equipamento supere os 18.000,00 euros o solicitante deberá aportar tres ofertas de diferentes provedores.**

- j) **Autorización do propietario dos bens sobre os que se actúe e autorizacións administrativas correspondentes, no caso de resultar esixibles.**

6.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

O Procedemento a seguir será o regulado no capítulo II do Título I da lei 38/2003 de subvencións, coas seguintes especialidades:

- **O órgano instructor será o Concelleiro de Obras no Medio Rural Don José Ramón Cao Hermida.**
- **As solicitudes presentadas serán valoradas por unha Comisión integrada da seguinte forma:**
 - o **Presidente: O Alcalde-Presidente da Corporación.**
 - o **Vocais:**
 - **Un Concelleiro de cada formación política que obtivo representación no Concello**
 - **O Secretario-interventor da Corporación.**
 - o **Secretario: Un funcionario da Corporación que actuará con voz pero sen voto.**

A Comisión valorará as solicitudes presentadas dacordo cos seguintes criterios:

- **Grado de complementariade da inversión proposta con algún dos servicios de prestación obrigatoria establecidos no artigo 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.**
- **Grado de complementariade da inversión proposta con algún dos servicios de competencia municipal establecidos no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.**
- **Grado de interese e utilidade cidadá do investimento proposto, con especial atención ao número de persoas beneficiadas pola actuación.**
- **Grado de autonomía financeira da actuación con especial atención á Porcentaxe que supón a solicitude de subvención en relación co investimento proposto.**

A Alcaldía-Presidencia acordará o reparto de achegas no prazo máximo de dous meses a contar dende o remate do periodo de presentación de solicitudes. A resolución de concesión será publicada no Diario Oficial de Galicia co contido establecido no artigo 15 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

No caso de tratarse de investimentos o beneficiario deberá comunicar con carácter previo a data de inicio das obras á Oficina Técnica Municipal a fin de que a mesma poida asistir con presenza do beneficiario e do contratista ó replanteo da mesma. A falta de dita comunicación terá a consideración de incumprimento da obriga de

xustificación e polo tanto levará consigo a esixencia de responsabilidade establecida na Lei Xeral de Subvencións

Para o pagamento da subvención concedida o beneficiario deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ó da publicación da Resolución de concesión no Diario Oficial de Galicia a seguinte documentación:

- Conta Xustificativa establecida no Anexo VII.
- Orixinais e copias compulsadas das facturas correspondentes ós gastos obxecto de xustificación.

No prazo dun mes a contar dende o día seguinte a presentación da Conta Xustificativa polos Servicios Técnicos Municipais procederase á comprobación do investimento efectuado para o que se notificará ó beneficiario da subvención o día e hora en que se procederá ó mesmo para que poida asistir se o estima oportuno. Se o resultado da comprobación fose desfavorable paralizarase o procedemento de pagamento e notificarase ó beneficiario para que no prazo de 15 días poida formula-las alegacións que considere oportunas.

O importe dos gastos xustificandos debe superar como mínimo á porcentaxe que supón a solicitude de subvención en relación co investimento proposto en dita solicitude. No caso contrario a cantidade inicialmente concedida experimentará unha redución proporcional. A mesma redución proporcional experimentárase no caso de que a suma das axudas públicas obtidas polo beneficiario exceda do importe do gasto subvencionado.

Non poderá realizarse o pago da subvención ata en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

8.- INSPECCIÓN E CONTROL.

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto ás actividades subvencionadas tendo dereito a acceder a toda a documentación xustificativa das mesmas así como requerir a asociación nos termos que precise de conformidade co disposto no Título III da lei 38/2003.

9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Título IV da lei 38/2003.

Serán causas de revocación e cancelación da subvención concedida as seguintes:

***O incumprimento total ou parcial das condicións establecidas no outorgamento da subvención.**

***A desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación ou resolución.**

***O incumprimento da obriga de xustificación.**

***A duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, con cargo a créditos doutras Administracións Públicas.**

***O falseamento dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias.**

***A aplicación da prestación a fins distintos dos previstos.**

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

No non previsto nas presentes Bases será de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local e o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.